

Asistentes:

Alonso Pena, Miguel  
Álvarez Rodríguez, Rosana  
Barreiro Castro, Cándida  
Fariza Nóvoa, María  
Fernández Nóvoa Alejandro  
Hermida Ramón, José Manuel  
Pérez Cid, Benita  
Pérez Juste, Ignacio  
Ramos Docampo, Miguel Alexandre  
Teijeira Bautista, Marta

Persoal Invitado:

García Bugarín, Mercedes  
Jorge Correa, María Esther  
Mosquera Nartallo, Ana

Excusan asistencia:

Canosa Saa, José María  
Dorribo Rivera, José Miguel

## ACTA DA COMISIÓN DE GARANTÍA DE CALIDADE DA FACULTADE DE QUÍMICA DO DÍA 2/5/2018

Ás 12:30 horas do día 2 de maio de 2018 reúnese, na Sala de Xuntas da Facultade de Química, a Comisión de Garantía de Calidade previamente convocada, e coa asistencia dos membros reseñados, para tratar a seguinte

### ORDE DO DÍA

1. Preparación da visita da Comisión Avaliadora para a certificación da implantación do Sistema de Garantía Interno de Calidade da Facultade de Química.

Comezou o Decano cunha exposición detallada do programa previsto para a visita o próximo 4 de maio da Comisión Avaliadora para a certificación da implantación do Sistema de Garantía Interno de Calidade (SGIC) do Grao en Química, o Mestrado en Ciencia e Tecnoloxía de Conservación de Produtos da Pesca, o Mestrado Interniversitario en Química Teórica e Modelización Computacional e o Mestrado Interuniversitario en Investigación Química e Química Industrial. En particular, expuxo os obxectivos da xuntanza que a Comisión Avaliadora levará a cabo coa Comisión de Garantía de Calidade, indicando cales son os puntos principais que centran o interese da comisión.

O Decano fixo un repaso pormenorizado dos procedementos clave do SGIC, aclarando todas as dúbidas que plantexaron os presentes, co fin de poder explicar a información requerida da forma máis organizada e comprensible.

Na documentación elaborada para o proceso de acreditación, nos diferentes rexistros de calidade e na información pública recollida na páxina web detállanse as accións levadas a cabo no ámbito da Xestión da Calidade na Facultade.

Sen mais asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:15 h do día sinalado, e como Secretaria dou fe, co visto e praxe do Decano.

A Secretaria

Marta Teijeira Bautista



O Decano

Ignacio Pérez Juste